



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Gramática Galega	Código	613G02040	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Sanchez Rei, Xose Manuel	Correo electrónico	x.m.sanchez.rei@udc.es	
Profesorado	Sanchez Rei, Xose Manuel	Correo electrónico	x.m.sanchez.rei@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo do funcionamento das estruturas morfosintácticas e textuais do galego, con atención particularizada aos fenómenos lingüísticos máis salientábeis e á identificación e descrición das súas unidades constitutivas.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria	A1		
	A2		
	A3		
	A10		
Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega	A4	B4	
Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.	A10		
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica	A15		
Dominar a gramática da lingua galega.	A21		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información		B1	
Adquirir capacidade de autoformación		B3	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas		B5	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva		B6	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico		B7	
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional		B10	
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse			C6
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida			C7
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade			C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción á Gramática	1.1. Definición, clases, partes e unidades 1.2. A tradición gramatical galega



2. Gramática da cláusula	2.1. Introducción aos estudos de sintaxe 2.2. A frase 2.3. A predicación lingüística 2.4. A cláusula
3. Gramática da palabra	3.1. O verbo 3.2. O nome 3.3. O pronome 3.4. As palabras invariábeis
4. Gramática do texto	4.1. Introducción. Texto e contexto 4.2. As propiedades do texto. Cohesión e coherencia 4.3. A organización da información. Os marcadores discursivos 4.4. As modalidades textuais

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A3 A4 A15 A21 B5 B6 C8	25	0	25
Recensión bibliográfica	A4 A10 A21 B1 B3 B5 B7 C7	2	32	34
Traballos tutelados	A1 A4 A15 A21 B1 B3 B5 B6 B7 B10 C6 C7 C8	2	46	48
Presentación oral	A4 A15 B1 B3 B4 B7	1	6	7
Proba mixta	A1 A2 A4 A10 A15 A21 B5 B7 C7	2	30	32
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais precisos para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Recensión bibliográfica	Cada estudante deberá entregar a(s) recensión(s) bibliográfica(s) que o profesor indicar ao longo do curso.
Traballos tutelados	Cada estudante deberá realizar un traballo tutelado sobre un tema relacionado cos contidos da materia e que deberá escoller de acordo co profesor. Nel deberá verificarse o feito de conseguir información por si propio e a habilidade de interrelacionar diferentes contidos, ao paso que tamén ten de demostrar que posúe unha práctica lingüística de calidade.
Presentación oral	Exposición oral, na aula, en que cada estudante explicará a metodoloxía, desenvolvemento e resultados da pesquisa realizada no "Traballo Tutelado".
Proba mixta	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico, exercicios prácticos etc.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Alén do labor de atendimento realizado no horario marcado polo profesorado da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización do "Traballo Tutelado". Cada estudante deberá asistir, polo menos, a unha sesión de atendimento previa á entrega e exposición do traballo.



Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A1 A2 A4 A10 A15 A21 B5 B7 C7	Constitúe unha proba con elementos diversos (prácticos e teóricos), onde serán valorizados os contidos, a clareza e rigor expositivo, ben como a calidade da lingua utilizada. Entre as preguntas haberá polo menos unha referida ás lecturas obrigatorias.	50
Recensión bibliográfica	A4 A10 A21 B1 B3 B5 B7 C7	Neste exercicio o alumno ou a alumna debe elaborar un comentario crítico dunha obra de lectura marcada polo profesor. Teranse en conta a capacidade crítica, a clareza expositiva e argumentativa e a de síntese, ben como unha práctica lingüística de calidade.	15
Traballos tutelados	A1 A4 A15 A21 B1 B3 B5 B6 B7 B10 C6 C7 C8	No traballo que cada estudante ten de realizar concederáse importancia ao tratamento do tema, á clareza expositiva e argumentativa, á calidade da lingua e á capacidade de chegar a conclusións propias.	25
Presentación oral	A4 A15 B1 B3 B4 B7	Cada estudante deberá facer unha presentación oral do traballo tutelado. Serán valorizados os resultados da pesquisa, o rigor expositivo, a calidade da lingua utilizada e os recursos e estratexias expositivas empregadas.	10

Observacións avaliación

Cuestións xerais:

1. Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir globalmente unha cualificación igual ou superior a 5 valores sobre 10. Na proba mixta terá de obter como mínimo 4 valores sobre 10 para poder sumar os restantes elementos de avaliación.
 2. O alumnado terá de entregar os traballos e actividades no prazo fixado, os cales deberán cumprir unha exixencia mínima de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal etc.); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento Exixencias mínimas de corrección lingüística (aprobado pola Sección Departamental de Galego-Portugués no día 06.07.2018 e pendurado en Moodle).
 3. O alumnado con matrícula parcial e/ou dispensa académica deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante. Se non puiden asistir ás titorías, terá de se pór en contacto co profesor a través do correo electrónico. Tamén deberán contactar con el aquelas persoas cuxo horario laboral for incompatible co seguimento da materia, mais que non cumpriren as condicións para obteren a dispensa académica; após as pertinentes comprobacións, poderán ter condicións de avaliación equivalentes aos casos da dispensa académica.
 4. Na segunda oportunidade, en xullo, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas percentaxes que na oportunidade anterior. Isto significa que antes da data oficial do exame teñen de ser entregues todos os traballos e actividades programadas (recensións bibliográficas e traballos tutelados). No caso da presentación oral, marcarase un día para a súa realización. De haber convocatoria adiantada, serán aplicados idénticos criterios de avaliación que nos casos anteriores.
 5. A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando se der algún dos seguintes supostos: a) o alumno ou a alumna non realizou a proba mixta; b) a alumna ou o alumno non entregou nin desenvolveu ningunha das actividades previstas (traballo tutelado, recensión, presentación oral); c) o alumno ou a alumna non realizou a proba mixta nin desenvolveu ningunha das actividades programadas (traballo tutelado, recensión, presentación oral).
- Aviso importante: Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio e de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, inclusive pola/o mesma/o estudante. Se se producir algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e de mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Álvarez, R. / Xove, X. (2002). Gramática da lingua galega. Vigo: Galaxia - Azeredo, J. C. de (2008). Gramática Hoauiss da Língua Portuguesa. São Paulo: Publifolha / Houaiss - Báez San José, V. (1988). Fundamentos críticos de la gramática de dependencias . Madrid: Síntesis - Busse, W. / Vilela, M. (1986). Gramática de Valências. Apresentação e Esboço de Aplicação à Língua Portuguesa. Coimbra: Almedina - Dik, S. C (1997). The Theory of Functional Grammar, 2 vols.. Berlin: Mouton de Gruyter - Eliseu, A. (2008). Sintaxe do Português. Lisboa: Caminho - Freixeiro Mato, X. R. (2005). Os marcadores discursivos. Conectores contraargumentativos no galego escrito. A Coruña: Área de Filoloxias Galega e Portuguesa da UDC - Freixeiro Mato, X. R. (2006). Gramática da Língua Galega. Vol. II. Morfosintaxe. Vol. IV. Gramática do Texto . Vigo: A Nosa Terra - Freixeiro Mato, X. R. (2013). Estilística da Língua Galega. Vigo: Xerais - Halliday, M. A. K. (1994). An Introduction to Functional Grammar . London / New York: Arnold / Oxford University Press - Koch, I. Villaça (2004). Introdução à Linguística Textual . São Paulo: Martins Fontes - Mateus, M. H. M. et al. (2003). Gramática da Língua Portuguesa . Lisboa: Caminho - Moreno Cabrera, J. C. (1987). Fundamentos de sintaxis general . Madrid: Síntesis - Neves, M. H. de Moura (2002). A Gramática. História, Teoria e Análise, Ensino . São Paulo: UNESP - Portolés, J. (2001). Marcadores del discurso . Barcelona: Ariel - Raposo, E. B. Paiva et al. (2013). Gramática do Português. Lisboa: Fund. Calouste Gulbenkian - Sánchez Rei, X. M. (2010). O complemento preposicional en galego. Análise desde a gramática de valencias.. A Coruña: Área de Filoloxias Galega e Portuguesa da UDC - Vilela, M. (1992). Gramática de Valências. Teoria e Aplicação . Coimbra: Almedina - Vilela, M. / Villaça Koch, I. (2001). Gramática da Língua Portuguesa . Coimbra: Almedina <p>
</p>
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Azeredo, J. C. (org.) (2008). Língua Portuguesa em Debate. Conhecimento e Ensino. Petrópolis: Vozes - Báez San José, V. (2002). Desde el Hablar a la Lengua. Prolegómenos a una teoría de la sintaxis y la semántica textual y oracional. Granada: Ágora - Beaugrande, R.-A. de / Dressler, W. U. (1997). Introducción a la lingüística del texto. Barcelona: Ariel - Bosque, I. / Demonte, V. (dirs.) (1999). Gramática descriptiva de la lengua española. Madrid: Espasa-Calpe - Cunha, C. / Cintra, L. (1992). Nova Gramática do Português Contemporâneo. Lisboa: Sá da Costa - Koch, I. Villaça (2002). Desvendando os segredos do texto. São Paulo: Cortez - Mateus, M. H. M. / Xavier, M. F. (orgs.) (1991/1992). Dicionário de Termos Linguísticos. Lisboa: Cosmos - Neves, M. H. de Moura (2000). Gramática de Usos do Português. São Paulo: UNESP - Peres, J. A. / Mória, T. (1995). Áreas Críticas da Língua Portuguesa. Lisboa: Caminho - Sperber, D. / Wilson, D. (1986). Relevance. Communication and Cognition. Oxford: Basil Blackwell <p>
</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua Galega 1/613G02002

Lingua Galega 2/613G02014

Lingua Galega: Norma e Usos/613G02038

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías